**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2014.**

**ASISTENTES:**

Presidenta:
Dª. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:
D. Jose Angel Rey Seoane
Dª. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:
D.ª Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día 29 de decembro de 2014, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dª. Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/11/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Sinálase pola secretaria a necesidade de rectificación no punto 4.1.2.- na numeración da licenza de obra onde aparece LO 10/2014 tería que ser LO 13/2014 en rectificación de erro material.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/11/2014 coa rectificación indicada nos considerandos deste acordo.

**2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

**2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

**2.1.1.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SERVIZO DE XESTIÓNS DE PLANS APROBACIÓN 40% PREPAGABLE CONVENIO MELLORA DE PRAZAS PÚBLICAS NO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, con rexistro de entrada neste concello co nº 2640 en data 01/12/2014, no que se comunica a notificación da resolución pola que se aproba o pago con carácter prepagable do 40% do Convenio de colaboracion para a obra "Mejora de plazas públicas en do Concello de Boimorto" 40.000,00€.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.2.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL RESOLUCIÓN RENUNCIA Ó PROXECTO DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA 2014**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar, con rexistro de entrada neste concello co nº 2656 en data 02/12/2014, no que se comunica a aceptación a renuncia a subvención ós proxectos de equipamento térmicos de biomasa 2014 para a Residencia de Maiores de Boimorto.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.3.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SECCIÓN DE PLANS PROVINCIAIS PRÓRROGA PRAZO DE ADXUDICACION DTC 93**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Deputación Provincial da Coruña, Sección de Plans Provinciais, con rexistro de entrada neste concello co nº 2737 en data 18/12/2014, no que se comunica a notificación da resolución pola que se concede unha prórroga do prazo de adxudicación das obras pendentes de adxudicar incluídas no plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concello da anualidade 2014 ata o 30/06/2015.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.4.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLUCIÓN SUBVENCIÓN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 2791 en data 26/12/2014, no que se comunica o acordo de concesión da subvención para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local por importe total de 6.928,57 euros financiación do 22% dos custos laborais totais) e solicitude de remisión de documentación para proceder o pagamento.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

**3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**
**3.2. PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**
**3.2.1 AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL SITO NA RÚA VILANOVA, Nº 10 BOIMORTO**

Vista a instancia de data 05/12/2014, rexistro de entrada no Concello co número 2673, subscrita por D. Jose V. Veses Santiago con DNI 5412123Q, na que solicita poder utilizar o local social sito na rúa Vilanova nº 10 de Boimorto, para realizar un curso de artes escénicas durante os meses de xaneiro a xullo do 2015, os luns e mércores en horario de 17:00 a 22:00 horas.
A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- Autorizar a utilización do local social sito na rúa Vilanova nº 10 de Boimorto a D. Jose V. Veses Santiago con DNI 5412123Q durante os meses de xaneiro a xullo do 2015, os luns e mércores en horario de 17:00 a 22:00 para a realización dun curso de artes escénicas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ó interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

**4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

Por non ter ningún asunto a tratar neste punto, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando a Alcaldesa pasar ao seguinte.

**5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

**5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

| Nº **Factura / Data** | Titular **NIF/CIF** | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| A 43-28/12/14 | Teresa Peon y Otra S.C. / J15542970 | Churros para a festa de navidad na residencia e centro de día | 50,00 € |
| F001/333-21/12/14 | Fogar de Seidon, S.C. / J-15890163 | Alimentos para a festa de navidad no PAI | 32,81 € |
| A-V2014-00003543191-20/12/14 | Mercadona, S.A. / A-46103834 | Alimentos e refrescos para a festa de navidad no PAI | 13,01 € |
| 2714200048-15/12/14 | Interparking Hispania, S.A.<br>Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570 | Aparcamento en Choupana levar usuarios da residencia a consulta médica no hospital novembro 2014 | 6,05 € |
| Liquidación núm. Fixo 2014/11885 | Deputación da Coruña | Publicación anuncio urxente nº 2014/11885<br>BOP: 213/06-11-14 | 247,70 € |
| 1401162537-30/11/14 | Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522 | Telepeaxe Vía-T viiaxes a Coruña durante o mes de novembro 2014 | 7,89 € |
| P 408.044-30/11//14 | Editorial Compostela, S.A. / A-15000391 | Anuncio publicado en El Correo Gallego o día 30/11/2014 Plan especial dotacións minirresidencia | 471,90 € |
| 26777346-03/12/14<br>26777354-03/12/14<br>26777353-03/12/14<br>26777347-03/12/14 | Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) / G-28/029643 | Actuación rede cultural 2014<br>Actuación rede cultural 2014<br>Actuación rede cultural 2014<br>Actuación rede cultural 2014 | 19,06 €<br>88,29 €<br>177,87 €<br>19,06 € |
| 002403-26/11/14 | Control de Plagas Andrade, S.L. / B15989692 | Servizo bimestral control de plagas e legionella mes novembro 2014 edificios municipais | 686,83 € |
| 5/01410864-25/11/14<br>5/01410865-25/11/14 | Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348 | Mantemento fotocopiadora cor das oficinas muncipais C364e período 23/10/14-24/11/14<br>Mantemento fotocopiadora cor da residencia BH C353 período 18/10/14-18/11/14 | 191,56 €<br>41,61 € |
| 3120204966-30/11/14 | Serunion, S.A.U. / A59376574 | Servizo alimentación residencia e centro de día novembro 2014 | 4.986,70 € |
| 21/2014-11/12/14 | José Mellid Vázquez / 78787335F | Servizo de tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | camiños municipais | 22.989,00 € |
| 53-18/12/14 | María Teresa López Alonso / 76624257-X | Podoloxía na residencia e servizos externos decembro/14 | 546,00 € |
| 140009-11/12/14 | Juan Manuel Pérez López / 42843572T | Actuación co espectáculo de títeres Caraporquiña Vermella Rede cultural Deputación 2014 | 605,00 € |
| 13/2014-13/12/14 | Asociación Recreativa San Antonio / G-70251301 | Actuación do duo Glamour rede cultural Deputación 2014 | 300,00 € |
| 1-11048934-26/12/14 | Manuel Castro Gómez / 33215547M | Confección nóminas e seguros mes de decembro/2014 | 973,69 € |
| 30411903-09/12/14 | Enraf Nonius Ibérica, S.A. / A79062279 | Máquina servizo de fisioterapia residencia e centro de día de Boimorto | 4.920,67 € |
| 578-29/12/14<br>579-29/12/14<br>580-29/12/14<br>581-29/12/14<br>582-29/12/14<br>583-29/12/14<br>584-29/12/14 | José Manuel Verea Castelo / 33245534-T | Material de mantemento<br>Flexo ducha para o albergue<br>Material servizo de augas<br>Material para o centro de saúde<br>Material servizo de limpeza<br>Material magosto 2014<br>Material alumeado público | 5,93 €<br>8,35 €<br>5,45 €<br>7,26 €<br>2,30 €<br>6,78 €<br>32,97 € |
| 3341959849-01/12/14 | Schindler, S.A. / A-50001726 | Mantemento ascensores decembro/2014 | 245,64 € |
| 103.368-31/10/14<br>104.265-29/11/14 | Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349 | Gato extra largo 10 T<br>Kit lado roda para o Mitsubishi | 1.089,00 €<br>21,70 € |
| 2900216728-03/10/14 | Labaqua S.A. / A-03637899 | Control de calidade de auga mes de setembro/14 | 464,26 € |
| 14/508-28/11/14 | Remuiño Servicios XXI, S.L. / B-15873193 | Tóner para bebeteca PAI. Sub. Deput. Provincial 2014 Servizos Sociais | 357,25 € |
| VS 2014/11572-28/11/14 | Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. / B70055504 | Servizo de prevención - Disciplina de vixilancia da saúde persoal incendios | 66,00 € |
| 140336-01/12/14 | Farmacia Mª José Vázquez Freire / 33277749S | Medicamentos para a residencia e centro de día adquirido en novembro/14 | 78,57 € |
| 14000366-18/12/14 | Disgal Milladoiro S.L. / B15812043 | Material mobiliario urbano. Adx. Contrato menor Decreto 507/14. Data 10/12/14 | 6.424,98 € |
| 12/14-12/12/14 | Manuel Angel Garea Rodríguez / 47382564B | Curso de cociña mes de novembro e decembro 2014 | 328,00 € |
| 002710-18/11/14<br><br>002699-31/10/14 | J. M. Josmer, S.L. / B-15542988 | 20 sacos de cemento para obra de Brates<br>12 sacos de abono Fertimón finca Festival de la Luz | 74,05 €<br><br>228,10 € |
| 108/14-22/12/14 | Cerne Ingeniería S.A. A-15056468 | Honorarios por asistencia técnico-urbanística mes de decembro 2014 | 2.000,00 € |
| 3690-23/12/14 | Suministros Médicos, S.L. / B-15126170 | Máquina para control auga servizo municipal. Adx. Contrato menor Decreto 519/14 Data | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 22/12/14 | 1.145,87 € |
| AR337771-30/11/14<br>AR337770-30/11/14<br>AR337769-30/11/14<br>AR338421-26/12/14 | ABM-REXEL, S.L.U. / B-28262822 | Material para a residencia<br>Material para o Concello<br>Material para o alumeado público<br>Material para o alumeado público. | 39,37 €<br>33,57 €<br>836,56 €<br>10.526,23 € |
| 05/14-06/12/14 | Antonio Romarís Lens / 33294727L | Actuación do Mago Romarís co espectácul "Corazóns" Rede Cultural 2014 Deputación | 800,00 € |
| 0000781-01/12/14 | Enfoque Soluciones TI SL / B-47602651 | Mantemento aplicación Geriges mes decembro 2014 | 59,29 € |
| 06B/126-30/11/14<br><br>06B/132-26/12/14 | Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797 | Mantemento zonas verdes novembro 2014<br>Mantemento zonas verdes decembro 2014 | 1.990,00 €<br><br>1.990,00 € |
| 4001454158-30/11/14 | Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407 | Franqueo pagado mes de novembro 2014 | 134,10 € |
| D- 1339-10/12/14<br>854-30/11/14 | Juan López Sánchez 34258362T | Gasóleo calefacción residencia<br>Gasolina para a motoserra | 1.050,00 €<br>67,00 € |
| 2014/3083-30/11/14 | Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803 | Tratamento RU mes de novembro 2014 | 3.489,42 € |
| 2135-17/12/14 | Manuel J. Uzal Gómez / 76498650Y | Material de oficina para proxecto de igualdade "Emprendemento femenino rural" Subv. Deputación Servizos Sociais 2014 | 900,00 € |
| 10/2014-15/11/14 | Victor Manuel Boga Vázquez / 32821407-Q | Ponencia no encontro de iniciativas emprendedoras femeninas no rural. Subv. Deputación Servizos Sociais 2014 proxecto de igualdade | 181,50 € |
| 00414-10/12/14 | Lucas Requejo Fernández / 34638958S | Ponencia no encontro de iniciativas emprendedoras femeninas no rural. Subv. Deputación Servizos Sociais 2014 proxecto de igualdade | 181,50 € |
| OFFV14/4362-30/11/14<br><br>OFFX14/7482-22/12/14 | Ofireyco, S.L. / B15342702 | Material de oficina para o Concello<br>Material medios didácticos proxecto de igualdade emprendemento femenino. Subv. Deputación Servizos Sociais 2014 | 50,54 €<br><br>977,00 € |
| 14FV716-08/11/14 | Agrobotica Arzúa S.L. / B15476021 | Herba para a finca do Festival de la Luz | 84,37 € |
| 0101-1401175-31/10/14<br><br>0101-1401312-30/11/14 | Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962 | Recollida de residuos do 01/10/14 ao 31/10/14<br>Recollida de residuos do 01/11/14 ao 30/11/14 | 95,36 €<br><br>95,36 € |
| 6.356-26/12/14 | Hotel Balneario de Compostela, S.L. / B- | Visitas ao balneario mes novembro e decembro 2014. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 15912868 | Subv. Deput. Servizos sociais 2014 programa termalismo social | 3.000,00 € |
| Relación de data 01/12/14. Rexistro de entrada nº 2639 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332 | Recibos alumeado público<br>Recibo protec. Civil período 12-09-14/14-10-14<br>Recibo refuxio de Sendelle período 12-09-14/14-10-14<br>Recibo depósito de Boimil período 15-09-14/15-10-14<br>Recibo local social Corneda período 07-08-14/02-10-14<br>Recibo local social Rodieiros período 06-08-14/02-10-14<br>Recibos edificios antigas escolas | 5829,13 €<br>48,38 €<br>19,38 €<br>201,26 €<br>31,02 €<br>27,60 €<br>56,48 € |
| 28-L480-773274-01/12/14 | Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125 | Recibo teléfonos móbiles período 18/10/14 a 17/11/14 | 164,40 € |
| TA4SA0312879<br>TA4SA0312884<br>TA4SA0312881<br>TA4SA0312882<br>TA4SA0312880<br>TA4SA0312886<br>TA4SA0312885<br>19/12/2014 | Telefónica de España, S.A. / A-82018474 | Recibo teléfono servizos sociais<br>Recibo teléfono centro social municipal de maiores<br>Recibo teléfono ascensor concello<br>Recibo teléfono oficinas Concello<br>Recibo teléfono PAI<br>Recibo teléfono residencia<br>Recibo teléfono ascensor residencia | 96,57 €<br>95,74 €<br>8,70 €<br>391,94 €<br>23,04 €<br>102,77 €<br>8,70 € |

**<u>5.2.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISOTERAPIA</u>**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

***<u><<INFORME SOCIAL</u>***

***INSTITUCIÓN:*** *Concello de Boimorto. Servizos sociais*
***INFORME EMITIDO POR:*** *María Esther Vidal Pandelo*
***DATA DO INFORME:*** *29/12/2014*
***DIRIXIDO A:*** *XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

*1.- BARREIRO SOUTO CARMEN -* ***FISIOTERAPIA***
*<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>*

*a) Consta informe médico que acredita necesidade*

*b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
*c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:
**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuaria do servizo de fisioterapia a Carmen Barreiro Souto.
**SEGUNDO.-** Notificar a beneficiaria deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo do 2015. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

**5.3.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS**
Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de outubro e novembro da recollida selectiva de envases lixeiros:

| Período | Nº de factura | Concepto | Importe factura | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Importe | Ive 10% | TOTAL |
| Decembro 2014 | 20140471 | Recollida selectiva | 501,68 | 50,17 | 551,85 |
| Decembro 2014 | 20140472 | Plus adicional por transporte ata planta de selección | 3,28 | 0,33 | 3,61 |

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.
**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 20140471 e 20140472 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

**5.4.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR**
Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao meses de outubro e novembro da recollida monomaterial de papel-cartón:

| Período | Nº de factura | Concepto | Importe factura | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Importe | Ive 10% | TOTAL |
| Decembro 2014 | 20140473 | Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores | 59,11 | 5,91 | 65,02 |

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.
**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 20140473 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

**5.5.- SOLICITUDES PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.**
Logo de ver o informe do Departamento de servizos sociais asinados por Dna. María Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto, en data 26/11/2014 nos que se propón a concesión/denegación do reparto de alimentos en base aos criterios establecidos no Regulamento do programa de axudas de alimentos publicado no BOP nº 118 de data 22/06/2012.
Vista a solicitude presentada en tempo e forma, a Xunta de Goberno Local por unaninidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder o reparto de alimentos ás persoas ou familias que se relacionan a continuación:

| 1º APELIDO | 2º APELIDOS | NOME | DNI / NIE |
|---|---|---|---|
| Veiga | Rodriguez | Mª Pilar | 33271368M |

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, xunto co réxime de recursos que poden interpoñer contra o mesmo.

**5.6.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NAS SUBVENCIÓN DE INVESTIMENTO DEPORTES DEPUTACION PROVINCIAL 2014 "CONTRUCCIÓN DE PISTA DE PADEL NO CONCELLO DE BOIMORTO"**
Vista a certificación única da obra subvencionada pola Deputación Provincial dentro do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2014 "Construcción de pista de padel no Concello de Boimorto" por importe de 50.000,00€, acompañada de factura por dito importe co número F058/014 con data 29/12/2014 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF B15165004.
En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**
**PRIMEIRO.-** Aprobar a certificación única da obra denominada "Construcción de pista de padel no Concello de Boimorto" por importe de 50.000,00 €uros, así como factura número F058/014 con data 29/12/2014 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF B15165004.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á Deputación Provincial de A Coruña ós efectos oportunos.

**5.7.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA "REPARACIÓN DAS DEPURADORAS DE IGREXA E GÁNDARA"**
Vista a certificación única da obra "Reparación das depuradoras de Igrexa e Gándara" por importe de 40.491,80€, acompañada de factura por dito importe co número F056/014 con data 29/12/2014 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF B15165004.
En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a certificación única da obra denominada "Reparación das depuradoras de Igrexa e Gándara" por importe de 40.491,80€, así como factura por dito importe co número F056/014 con data 29/12/2014 do adxudicatario Construcciones González y González S.L. con CIF B15165004.

**5.8.- APROBACIÓN DA FACTURA DA OBRA "MEJORA DE LA RECOGIDA DE PLUVIALES EN LOS NÚCLEOS DE CASAL, CURRÁS, CABANA, BERTOMIL, FONTAO Y VILAR (CONCELLO DE BOIMORTO)"**

Vista a factura da obra "Mejora de la recogida de pluviales en en los núcleos de Casal, Currás, Cabana, Bertomil, Fontao y Vilar (Concello de Boimorto)" número 34 con data 26/12/2014 do adxudicatario Antonio Filloy S.A. con CIF A-36016665.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura da obra denominada "Mejora de la recogida de pluviales en en los núcleos de Casal, Currás, Cabana, Bertomil, Fontao y Vilar (Concello de Boimorto)" número 34 con data 26/12/2014 do adxudicatario Antonio Filloy S.A. con CIF A-36016665.

**5.9.- APROBACIÓN DO PAGO DA OBRA "CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE RECOLLIDA E SELECCIÓN DE RESIDUOS" CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO CO CONCELLO DE SOBRADO**

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 2783 de data 23/12/2014 remitido polo Concello de Sobrado en relación o convenio de colaboración asinado en data 28/05/2014, referente a obra "Construcción de centro de recollida e selección de residuos", no que solicitan o ingreso da aportación municipal do Concello de Boimorto por importe de 15.099,08€.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Efectuar a transferencia de pago o Concello de Sobrado en relación o convenio de colaboración asinado en data 28/05/2014, referente a obra "Construcción de centro de recollida e selección de residuos" da cantidade de 15.099,08€ con cargo a partida 162.62200 do orzamento municipal 2014.

**5.10.- SUBVENCIÓN AXUDA MUNICIPAL A CREACIÓN DE EMPRESAS**

Vista a Ordenanza de outorgamento de axudas para a creación de emprego do ano 2014 publicada no BOP nº159 de data 22/08/2014.

Vista a solicitude de subvención á creación de empresas (convocatoria 2014) presentada por D. Rubén Darío López Blanco con DNI 78800571H con rexistro de entrada nº 2629 de data 28/11/2014.

Visto o informe da axente de emprego e desenvolvemento local deste Concello de data 02/012/2013 que se transcribe literalmente a continuación:

<<Dona Ana Mª Vallo Camba, con DNI 44805027S, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto ( A Coruña)

Vista a solicitude de subvención á creación de empresas (convocatoria 2014) presentada por D. Rubén Dario López Blanco con DNI 78800571H, rexistro de entrada núm. 2629 de data 28/11/2014 e segundo Ordenanza de outorgamento axudas para a creación de emprego do Concello de Boimorto publicado no BOP núm. 159 do 22/08/2014.

INFORMO: Que comprobada a documentación aportada polo solicitante Ruben Daría López Blanco da subvención por creación de empresas é posible outorgar subvención (cumpre os requisitos de

beneficiario, non hai concorrencia con outras subvencións e a solicitude foi presentada en prazo e coa documentación relativa á empresa e xustificativa para o aboamento).

Tendo en conta o establecido na base 4ª da Ordenanza de outorgamento de axudas para a creación de emprego e segundo a documentación aportada a contía de subvención sería a seguinte:

Boimorto, 15 de decembro de 2014>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar en concepto de axuda a creación de empresas (convocatoria 2014) a favor de D. Rubén Darío López Blanco con DNI 78800571H a cantidade total de 318,42 euros, segundo a base cuarta da Ordenanza de outorgamento axudas para a creación de emprego do Concello de Boimorto (convocatoria 2014.

**SEGUNDO.-**. Notificar o presente acordo a D. Rubén Darío López Blanco e dar traslado do presente acordo aos servizos contábeis para a súa tramitación.

**5.11.- SUBVENCIÓNS EMERXENCIA SOCIAL**

Vista a Ordenanza específica reguladora da concesión das bases da convocatoria para a concesión de e axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto 2014 publicada no BOP nº 159 de data 23/08/2014.

Vistas as solicitudes de axudas de emerxencia social presentadas e o expediente tramitado no departamento de servizos sociais.

Visto o informe coa proposta da traballadora social sobre concesións da axudas solicitadas e contías de data 18/12/2014 que se transcribe literalmente a continuación:

<<Mª Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

- Que en relación ás solicitudes presentadas para as axudas de emerxencia social do Concello de Boimorto todos cumpren cos requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

- Que en aqueles casos que se lles conceda a axuda para sufragar gastos de luz, de maneira excepcional, se lle pagará mediante transferencia bancaria ó usuario unha vez que acrediten o pago da factura mediante a súa domiciliación bancaria, reintegrándolle a cuantía correspondente a cada factura presentada e pagada.

- Que nas solicitudes nas que se otorgan axudas por dous conceptos diferentes se fai, excepcionalmente, en función da valoración da necesidade e tamén da existencia de menores na unidade familiar.

- Que segundo os datos presentados polas unidades familiares e os criterios de valoración determinados no artigo 5 da ordenanza reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto 2014 as solicitudes presentadas acadaron a seguinte puntuación:

a- Solicitude con rexistro de entrada número 2729 de M.C.M.P. con DNI 76498275E: 4 puntos polo indicador económico e 5 puntos pola situación de risco social. Total 9 puntos.

b- Solicitude con rexistro de entrada número 2712 de A.F.V. con DNI 32819684H: 4 puntos polo indicador económico e 2 puntos polo proceso de intervención social desta unidade familiar. Total 6 puntos

c- Solicitude con rexistro de entrada número 2730 de V.C.V.C. con NIE X03927756T: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

d- Solicitude con rexistro de entrada número 2731 de M.C.C.G. con DNI 32794389T: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

e- Solicitude con rexistro de entrada número 2727 de M.C.S.C. con DNI 76503479M: 4 puntos polo indicador económico. Total 4 puntos.

f- Proposta de oficio sen rexistro de entrada a favor de A.R.F. con DNI 32312062Y: 2 puntos por un proceso de intervención social que se está a realizar coa usuaria. Total 2 puntos.

- Que en función das puntuacións acadadas e das necesidades presentadas polas unidades familiares as cuantías a percibir por cada familia precisas para cubrir as mesmas serían as seguintes:

a- M.C.M.P. DNI 76498275E: 600 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda.

b- A.F.V. DNI 32819684H: 850 € para adquisición de roupa e calzado para as 4 fillas do matrimonio e 200 € para material escolar.
c- V.C.V.C. NIE X03927756T: 300 € para a adquisición de calzado para os tres menores e 300 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda.
d- M.C.C.G. DNI 32794389T: 400 € para adquisición de roupa e calzado para os 2 fillos menores e 200 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda.
e- M.C.S.C. DNI 76503479M: 400 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda.
f- A.R.F DNI 32312062Y: 300 € para facer fronte ós gastos de luz da vivenda

Para que conste donde conveña

Boimorto, 18 de decembro de 2014

Asdo.: Mª Esther Vidal Pandelo

Traballadora social>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar en concepto de axudas de emerxencia social:

| DNI da beneficiara | Concepto da axuda | Cuantía |
|---|---|---|
| 32819684-H | Axuda para a atención do menor | 1.050,00 € |
| 76498275-E | Axuda para o uso e mantemento da vivenda | 600,00 € |
| 76503479-M | Axuda para o uso e mantemento da vivenda | 400,00 € |
| 32794389-T | Axuda para a atención do menor<br>Axuda para o uso e mantemento da vivenda | 400,00 €<br>200,00 € |
| X-03927756-T | Axuda para a atención do menor<br>Axuda para o uso e mantemento da vivenda | 300,00 €<br>300,00 € |
| 32312062-Y | Axuda para o uso e mantemento da vivenda | 300,00 € |

**SEGUNDO.-** En virtude do disposto no artigo 11 da Ordenanza específica reguladora destas axudas a cuantía concedida a cada usuario en concepto de atención ao menor non será percibida polo beneficiario, o Concello efectuará o pago directamente ao proveedor. No momento que desexe realizar calquera compra deberá poñerse en contacto coa traballadora social deste Concello que será a encargada de acompañala ao establecemento e pediralle factura a nome do Concello de Boimorto. No caso das axudas para facer fronte aos gastos de luz da vivenda cada usuario deberá presentar a factura/s de subministro eléctrico xunto co xustificante de cargo da entidade bancaria onde teña domiciliado o recibo, posteriormente á revisión destas facturas o Concello aboará a cantidade total no número de conta onde foran cargadas as anteditas facturas.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo as interesadas os efectos oportunos.

**5.12.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE DECEMBRO 2014: SUSPENSIÓN TEMPORAL, BAIXA E ALTA USUARIOS DEPENDENCIA.**

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 29/12/2014, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no período comprendido dende o 27/11/2014 ao 29/12/2014 e que se transcribe o texto literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atenciónn primaria do Concello de boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1.- Que con data do 9 de decembro de 2014 se cursou unha suspensión temporal do servizo de axuda no fogar por dependencia de Victoria Aguión Peteiro por estar hospitalizada.

2.- Que con data do 25/12/2014 Victoria Aguión Peteiro faleceu polo que quedan 55 horas pendentes de asignar (que se asignarán a comezos do mes de xaneiro 2015) ao seguinte usuario da lista de espera que ten dependencia, Antonio García Salgueiros de Lg. Barral, Mercurín, Boimorto cun grao III de dependencia onde se lle conceden 70 horas de servizo pero que o Concello só lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles.

3.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda do seguinte xeito, indicando ao lado de cada usuario o grao e horas concedidas e efectivamente prestadas:

| DEPENDENTES | |
|---|---|
| USUARIOS DEPENDENTES | GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS |
| Concepción Filloy Veiga<br>Lg Arentía, Andabao | Grado III, nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Sofía García Souto<br>Lg Bertomil, Brates, Boimorto | Grado III, nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| María Felpete Costoya<br>Boimorto | Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas |
| Leonardo Cotelo Felpete<br>Boimorto | Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Manuel Pérez García<br>r) Estrada de Lanza, Boimorto | Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Manuela Casal Brea<br>Lg Souto Buazo, Boimorto | Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas |
| Jesús Manuel Rúa Quintela<br>Lg Quiñoy, Rodieiros, Boimorto | Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 30 efectivamente prestadas por petición da familia |
| Carmen García Sánchez<br>Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto | Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas |
| Carmen Costoya Brea<br>Lg Currás, Cardeiro, Boimorto | Grado II nivel 1, entre 30-40 horas mensuais concedidas, 40 horas efectivamente prestadas |
| Carmen Segade Taboada<br>Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto | Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| José Mª Sánchez Cao<br>Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto | Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas |
| Josefa García Seoane<br>Lg Casás, Andabao | Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Rafael Fernández Mato<br>Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto | Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Juan Manuel Fernández Paz<br>Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto | Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas. |
| Antonio Corral Boado<br>Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro | Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 33 efectivamente prestadas por petición da familia. |
| Josefa Vázquez Espiñeira<br>Lg. Bertomil núm. 4 - Brates | Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 12 horas por ser as únicas que temos dispoñibles. |
| Antonio García Salgueiros<br>Lg. Barral núm. 7 - Mercurín | Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles |

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Darse por informados dos cambios producidos ata o día 29 do presente mes de decembro no servizo de axuda a domicilio.

**SEGUNDO.-** Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de dependencia mencionado nos considerandos deste acordo.

**TERCEIRO.-** Deixar constancia que no mes de decembro non existen modificacións na lista de usuarios de libre concurrencia aprobada na anterior sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 27/11/2014 así como na lista de espera aprobada na sesión de data 30/10/2014.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 495, 496, 497, 507, 514, 515, 518, 519 e 521 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:17 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez